



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

Posicionamento AGEFEC

- 1- AGEFEC non é un sindicato, é unha organización científico-profesional na que os membros se unen para acadar obxectivos comúns mediante unha estratexia definida. Cunha visión de futuro para o interese colectivo.
- 2- Só antepoñendo os intereses colectivos fronte aos individuais, seremos capaces de axuntar esforzos e acadar obxectivos, tal e como fixemos no pasado.
- 3- Defendemos a atención lonxitudinal ao longo da vida en tódolos seus procesos, sen fragmentacións e desde unha perspectiva multiprofesional e interdisciplinar.
- 4- Os pacientes teñen dereito a ter un EFeC como enfermeira de referencia e de cabeceira como garante duns coidados de excelencia e especializados.
- 5- Polo tanto, o horizonte é a reconversión do 100% das prazas de AP en enfermería especializada.
- 6- Ningunha especialista EFeC debería ser desterrada do ámbito profesional para o que foi formada ao finalizar a súa residencia.
- 7- A curto prazo, débense adoptar tódalas medidas necesarias, como
 - a. priorización da categoría nos contratos temporais de calquera enfermería de AP. Sen que en ningún caso este argumento sirva de base para frear a reconversión do 100% das prazas.
 - b. reclamar un proceso extraordinario de oferta público de emprego, para estabilizar e fidelizar a tódolos EFeC dispoñibles na actualidade en Galicia.
 - c. reclamar a convocatoria e resolución inmediata da Disposición Transitoria 2ª do Decreto 81/2016 do 23 de xuño.
 - d. determinar prazas de EFeC con perfil docente para preservar e mellorar a calidade da formación EIR.
 - e. Instar a ACIS a que realice unha oferta de prazas EIR acorde coas capacidades estruturais das unidades docentes das Áreas Sanitarias, sen poñer en risco a calidade docente.
- 8- Para conseguir todas estas medidas, é imprescindible a implicación de tódolos socios alí onde sexa necesario.